

## O Grilo e o índice de impacto.

Xa pasaron máis de 10 anos dende que o primeiro Grilo saíu á luz para dar a coñecer as nosas propostas sindicais e crear opinión crítica entre os traballadores e traballadoras da Universidade de Vigo. Ningún sindicato, que se saiba, fixo tantas propostas nin creou tanta crítica coma o noso: nunca fomos palmeiros de ningún equipo de goberno, nin deixamos que ningún reitor (ou vicerreitor) nos engaiolara con cantos de sirena. A ningún sindicato se lle poden seguir tan ben a pista como a CC OO. O noso arquivo non minte. E os demais o saben, por iso servimos de referencia para moitos escritos e se nos está a citar asiduamente en moitas mensaxes que se envían ás listas de comunidade. Está ben que o fagan, non temos nada que ocultar sentímonos orgullosos do noso pasado, de todo o que fixemos para mellorar as condicións laborais dos nosos representados e, abofé, que non renegamos de ningún afiliado, colaborador ou simpatizante que participa ou participou no noso proxecto. Na nosa central sindical non hai nin clasismo nin redentorismo. Emporiso é só unha. E nela cabemos todos e todas.

De seguir sendo tan citados imos ter que comezar medir o noso índice de impacto dentro da universidade. Isto nos pasa por poñer por escrito o que pensamos, crear opinión e ser así un sindicato de referencia. Un día destes aparecemos no Citation Index.

## Recurso contra as transformacións. Nin en Pontevedra nin no TSXG

Unha sentenza do TSX de Galicia ver a dar a razón ao proceso de transformacións de categorías levado a cabo durante a negociación do 1º Convenio Colectivo da Universidade de Vigo.

O demandante, aínda que cando iniciou a demanda non representaba a ningún sindicato, si representaba a FETE-UGT cando recorreu perante o TSX, tras perder no Xulgado do Social nº1 de Pontevedra. Non está en ningún manual de práctica sindical que un delegado sindical promova unha demanda que puidera prexudicar a máis de 70 traballadores e traballadoras que, alomenos en teoría, el tamén representa.

Como sindicato asinante do acordo de transformacións sempre estivemos tranquilos e transmitimos esa mesma confianza a quen nos preguntou ao ter moi claro que en todo momento se actuou con exquisita legalidade. Aínda así, sempre que este asunto saíu a colación nas reunións dos órganos de representación CC OO solicitou a retirada do citado recurso.

A sentenza que é soporífera e inintelixible para os non habituados a prosa xurídica desestima o recurso de suplicación e confirma a sentenza recorrida e avisa que contra a mesma só cabe Recurso de Casación para unificación de doutrina.